



RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS SUBVENCIONADA POLA XUNTA DE GALICIA-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, DE 2 PEÓNS A XORNADA COMPLETA (APROL RURAL 2018). ELEVACIÓN A DEFINITIVA.

EXPEDIENTE: 2018/G003/000123

Luis Lisardo Santos Ares, alcalde do Concello de Sobrado (A Coruña),

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo para a provisión como persoal laboral temporal de dous peóns a xornada completa para o Servizo de Silvicultura do Concello de Sobrado, en cumprimento do establecido nas bases que rexen a selección deste persoal laboral temporal aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 06/06/2018.

Visto que o SPEG de Melide notificou e remitíulle a oferta de emprego a catro posibles candidatos para as dúas prazas ofertadas, e se presentaron tres candidatos a dita oferta, pero soamente dous, aportaron a documentación requerida para participar en dito proceso selectivo.

Vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

PEÓN FORESTAL.

Admitidos:

APELIDOS E NOME	NIF
MOURIÑO MÉNDEZ, MANUEL	78787099R
SÁNCHEZ COTOS, ALEJANDRO	78807350N



CONCELLO DE SOBRADO (A Coruña)
Plaza Portal, nº 1. 15813 SOBRADO (A Coruña)

Excluídos: Ningún.

SEGUNDO.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos/as no proceso selectivo ao non existir aspirantes excluídos, segundo o sinalado no punto terceiro das bases de selección.

TERCEIRO.- Designar aos membros da Comisión Seleccionadora que serán os seguintes:

Presidente: D. Jesús Ramón Varela García (Empregado público do Concello de Sobrado).

Suplente: D. Luís García Vázquez (Empregado público do Concello de Curtis).

1º Vogal: Dª. Isabel Outeiriño Sánchez (Empregada pública do Concello de Vilaboa).
Suplente: D. Luís González Guerra (Empregado público do Concello de Boimorto).

2º Vogal: Dª. María Ermitas Sánchez González (Empregada Pública do Concello de Sobrado).
Suplente: Guadalupe Vázquez Ascariz (Empregada pública do Concello de Toques).

3º Vogal: Dª. Mónica Vázquez Fandiño (Empregada pública do Concello de Láncara).
Suplente: Dª. Sonia María González Varela (Empregada pública do Concello de Cortegada).

Secretario: D. Emmanuel López Ares (Empregado público do Concello de Sobrado).

Suplente: D. Antonio Mosquera Rodríguez (Empregado público do Concello de Riós).

CUARTO.- Convocar aos membros da Comisión Seleccionadora para a súa constitución, o día 25 de Xuño de 2018, ás 12:45 horas.

QUINTO.- Convocar aos aspirantes para que concurran ao Pavillón Municipal de Deportes do Concello, o día 25 de Xuño de 2018, ás 13:00 horas, ó obxecto de realizar a proba práctica e, no seu caso, a proba oral de coñecemento de galego. Unha vez rematada a proba práctica, a Comisión Seleccionadora fará a valoración dos méritos da fase de concurso.

SEXTO. Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno. No caso de interpor recurso de reposición, non se poderá interpor recuso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso interposto.



CONCELLO DE SOBRADO (A Coruña)
Plaza Portal, nº 1. 15813 SOBRADO (A Coruña)

SÉPTIMO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Dou fe, o Secretario-Interventor

Luis Lisardo Santos Ares

Emmanuel López Ares